



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



**DEPORTE
GALEGO**

NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS EN GALICIA 2023





FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Índice

Exposición de Motivos	2
NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN GALEGA	
Capítulo 1	
DA HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS E DOS ESTUDOS DE DEFINICIÓN DOS SENDEIROS (EDS)	
Art. 1.- Definición de Homologación	4
Art. 2.- Definición de Entidade Promotora	5
Art. 3.- O Proxecto de Sendeiro o Estudo de Definición de Sendeiro (EDS). Contido mínimo	5
Art. 4.- O Proxecto do Sendeiro (EDS). Elaboración, supervisión e sinatura.....	12
Art. 5.- O Proxecto do Sendeiro (EDS). Normas e criterios que se terán en conta no estudo.....	12
Art. 6.- Procedemento de Homologación de Sendeiros ou Rehomologación de Sendeiros.....	16
Capítulo 2	
DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE SENDEIROS (ITS).....	20
Capítulo 3	
DOS/AS TÉCNICOS/AS DE SENDEIROS (TSF) DE GALICIA.....	24
Capítulo 4	
DOS SENDEIROS SINALIZADOS CON MARCAS REXISTRADAS E INCUMPRINDO A NORMATIVA FEDERATIVA.....	28
Capítulo 5	
DAS DESHOMOLOGACIÓNS	29
Capítulo 6	
DAS TAXAS	29
DISPOSICIONES ADICIONALES	
Disposición Transitoria Primeira: para as rutas homologadas no momento da aprobación da normativa.....	30
Disposición Transitoria Segunda: para as rutas en proceso de homologación no momento da aprobación da normativa.....	31
Disposición Transitoria Terceira: para as rutas homologadas no momento da aprobación da normativa.....	31
Disposición Transitoria Cuarta: para as rutas homologadas ou en proceso de homologación no momento da aprobación da normativa	31
Entrada en vigor.....	31
ANEXO I. MIDE	32
ANEXO II. Táboa de xeorreferenciación dos puntos de referencia	43
ANEXO III. Actuacións en tracks e waypoints.....	44
ANEXO IV. Táboa de comunicación de tramos de asfalto ou pistas agrícolas ou forestais....	45



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



**DEPORTE
GALEGO**

Exposición de Motivos

Desde que con data 15 de xaneiro de 2004 foi aprobado o “Manual de Sendeiros” pola Xunta da FEDME, a Federación Galega de Montañismo (en diante, FGM) encamiñou os seus esforzos para desenvolver unha normativa básica co fin de marcar as pautas para a realización de sendeiros e o seu mantemento no seu territorio de competencia. Desta maneira, e tamén no ano 2004, publicouse o “Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo”, complementario ao manual da FEDME e enfocado á realidade galega.

Por tanto, este “Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo”, salienta o procedemento de marcaxe técnica a pé de campo, deixando para unha posterior regulación a Normativa de Homologación, polo que quedaba un baleiro normativo que, aínda que nun principio pensouse que sería suplido polo bo facer e entender das Entidades Promotoras das rutas, finalmente mostrou unha carencia reflectida na baixa calidade dos proxectos presentados, causante de múltiples problemas e da falta de Homologación de moitos sendeiros.

A Federación, que neste sentido ten como fin o de garantir que o sendeirismo mostre cara á sociedade unha imaxe homoxénea, calidade, seguridade e respecto ao medio ambiente, analizando o sistema desenvolvido ata o presente, e considerando que a figura dos/as Técnicos/as de Sendeiros FEDME (en adiante TSF), está suficientemente afianzada e regulada, procede a cambiar o sistema de creación e homologación de rutas, dando unha maior responsabilidade a estes/as TSF que ata o de agora non tiñan. Esta experiencia atopou resultados moi positivos e está a ser moi ben valorada por outras federacións de montañismo ibéricas.

Por tanto, tendo en conta as novas normativas da FEDME, a modificación do Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo e a experiencia desenvolvida polas sucesivas Normativas de Homologación de Sendeiros en Galicia, procédese a actualizar o presente texto para facilitar a aplicación da mesma.



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



**DEPORTE
GALEGO**

Doutra banda, a FGM non desexa que en Galicia poidan existir Entidades Promotoras que pretendan obter unha contraprestación económica dos/as sendeiristas polo feito de transitar por un sendeiro homologado ou impedir o seu libre acceso, xa que se parte da consideración de que esta actividade debe ser aberta e realizada sobre vías de libre acceso ao público.

Por todo o anterior, e ao amparo do disposto no artigo 12.3 do “Manual de Sendeiros” da FEDME, a Federación Galega de Montañismo elabora a seguinte



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

NORMATIVA DE HOMOLOGACIÓN GALEGA

Capítulo 1

DA HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS E DOS ESTUDOS DE DEFINIÇÃO DE SENDEIROS (EDS)

Art. 1.- Definición de Homologación

1.1. Un sendeiro homologado é unha instalación deportiva identificada polas marcas rexistradas de GR[®], PR[®] ou SL[®], que se desenvolve preferentemente no medio natural e sobre viais tradicionais públicos ou privados e que se atopa homologado pola federación autonómica e/o territorial correspondente. A Homologación é un proceso federativo interno polo cal se permite o uso das marcas rexistradas da FEDME e xestionadas pola FGM, ás Entidades Promotoras de sendeiros e redes de sendeiros. Os principais obxectivos da mesma son:

- a) Garantir a seguridade dos/as futuros/as usuarios/as.
- b) Comprobar o cumprimento do contemplado no “Manual de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo”.
- c) Dar coherencia e homoxeneidade á rede galega de sendeiros homologados.

1.2. A presente normativa rexe no territorio galego para a creación dun sendeiro homologado, modificación do trazado dun xa existente e para a solicitude da rehomologación das rutas que fosen deshomologadas.

1.3. En Galicia será obrigatorio que todas as rutas homologados sexan de LIBRE ACCESO, transcorrendo principalmente por terreos públicos ou privados que desen o seu consentimento por escrito. Non serán homologables e perderán inmediatamente a súa homologación se a tivesen as seguintes rutas:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

- Rutas que pretendan obter calquera contraprestación económica polo tránsito das persoas, en concepto de entrada, canon, taxa, imposto, ou outra denominación que a Entidade Promotora (Administración Pública, empresa etc.)/ etc.) puidese establecer.
- Rutas nas que haxa que solicitar autorizacións ás súas Entidades Promotoras (en caso de non discorrer por terreo de titularidade pública) para poder realizar o seu percorrido.

Art. 2.- Definición de Entidade Promotora

2.1. A Entidade Promotora en Galicia será unha persoa xurídica: mancomunidades de concellos ou comarcas, concellos, comunidades de montes, asociacións, clubs, empresas, etc.

2.2. Terán preferencia como Entidades Promotoras os clubs pertencentes á FGM. Para beneficiarse da redución en taxas e custos deberán acreditar unha antigüidade ininterrompida como entidade federada non inferior a 3 anos.

Art. 3.- O Proxecto de Sendeiro ou Estudo de Definición do Sendeiro (EDS). Contido mínimo.

O Proxecto de Sendeiro deberá cumprir o contido mínimo recolleito no Manual da FEDME, e recibirá a denominación de “Estudo de Definición do Sendeiro” ou EDS para a súa presentación á FGM. O seu contido será:

3.1. Entidade Promotora

Especificarase a Entidade Promotora, sinalando o nome ou razón social, CIF ou NIF, representante legal, domicilio completo, teléfono e correo electrónico, así como unha persoa física de contacto.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

3.2. Entidade Realizadora

No caso de que a entidade que vai realizar os traballos de adecuación, limpeza e sinalización sexa distinta da Entidade Promotora, deberanse indicar os mesmos datos descritos en apartado 3.1.

3.3. Xustificación

Explicaranse os motivos que deron lugar á elaboración do Proxecto, comentando a orixe da idea, razóns que xustifican o seu interese (xeográfico, histórico, artístico, natural etc.) e os obxectivos que se pretenden conseguir: desenvolvemento económico, cultural, turístico e a súa conexión dentro dun proxecto máis amplo da zona.

3.4. Nome do sendeiro

Poderá ser un nome xenérico, un nome característico da zona ou lugares por onde discorre ou mesmo un nome propio. Non poderán repetirse nomes idénticos de rutas xa homologados anteriormente, aínda que no momento da solicitude as antigas estean deshomologadas. No caso de que cheguen dous proxectos co mesmo nome, terá prioridade o que se recibiu antes na FGM. Unha ruta rehomologada poderá recuperar o nome e o número de matrícula que tiña antes da súa deshomologación.

3.5. Descrición do trazado

Realizarase unha descrición pormenorizada do percorrido no que se inclúa:

- a) Descrición do trazado do sendeiro, con indicación de punto de saída e chegada, así como accesos a ambos.
- b) Distancia. Indicarase a distancia total do sendeiro e a das súas variantes (se existisen). No caso de existir algunha derivación incluírase a súa distancia (ida e volta) na distancia total do sendeiro.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

- c) Desniveis: Indicarase o desnivel neto (diferenza en metros entre o punto máis alto e o punto máis baixo de todo o percorrido), o desnivel positivo acumulado (suma dos metros de todos os ascensos) e o desnivel negativo acumulado (suma dos metros de todos os descensos). Por motivos de seguridade, especificaranse os desniveis de máis dificultade, onde se sinalará a lonxitude destes e posibles axudas ou actuacións para superalos.
- d) Puntos de interese: Xeorreferenciaranse (seguindo o Anexo II) os paneis informativos, postes baixos, postes altos con frechas direccionais ou con sinais de localización, escaleiras, chanzos, varandas, pontes, pasarelas, é dicir, todas as actuacións que se realizaron ao longo da ruta. Tamén os puntos de interese históricos, artísticos, naturais, paisaxísticos, etnográficos etc., é dicir, ríos, aldeas, vilas, monumentos etc., por onde transcorre o sendeiro, así como os cambios fortes de desnivel, os cruces con outras vías e con outros sendeiros. Se ao final da execución do sendeiro incluíronse, eliminado ou modificado puntos de interese, estes deberán ser enviados á FGM para o seu coñecemento, realizando as modificacións pertinentes no Anexo II.
- e) A dificultade (existencia de pasos delicados, trazado especialmente complicado para orientarse etc.). Empregarase o sistema estandarizado MIDE recollido no Anexo I (ou o SIDIF no momento que estea dispoñible).
- f) A tipoloxía de vías que atoparemos nos traballos previos á elaboración do EDS son as seguintes:
- I. Sendeiro/Senda (S)- Camiño aberto principalmente polo tránsito de peóns e do gando menor. Tamén se admiten os antigos camiños utilizados por carruaxes de tracción animal, onde aínda existe o firme tradicional.
 - II. Camiño veciñal (CV)- Camiño de asfalto construído e conservado polo municipio, cuxas necesidades serve e adoita ser máis estreito que as estradas.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

III. Camiño urbano (CU)- É un camiño veciñal con superficie artificial (asfalto, cemento etc.) cuxo trazado dentro do sendeiro discorre por aldeas, barrios e lugares con núcleos de poboación con vivendas agrupadas e non dispersas.

IV. Pista agrícola ou forestal (PA/F)- É un camiño que se utiliza para acceder a áreas boscosas con fins de explotación, conservación ou recreación. Estas pistas están deseñadas para soportar o tráfico de vehículos e maquinaria pesada, e adoitan ter unha superficie compactada e resistente. Son de características variables e de estado irregular, pero polo xeral, afirmadas e transitables para os vehículos adecuados, por tanto, con máis de 3 metros de anchura ou con máis de 2 metros que contén cun firme artificial e/o cuneta.

V. Estrada (E)- Camiño público, ancho e espazoso, pavimentado e disposto para o tránsito de vehículos. O tramo de estrada que atravesese un núcleo urbano e estea regulado a 50 Km/h, considerarase camiño urbano.

Tramos de asfalto: terán a consideración de “asfalto”, os viais de aglomerado e outros derivados asfálticos, camiños cementados, macádám, paseos solados ou lousados, beirarrúas peonís etc.

Indicarase a porcentaxe global de asfalto dentro do percorrido e as distancias parciais dos tramos, expresadas en quilómetros con dous decimais redondeados á decena, así como a clasificación da vía (rede nacional, provincial, municipal).

No caso de que haxa pistas de uso agrícola ou forestal de terra, facilitarase así mesmo a porcentaxe global dentro do percorrido e as distancias parciais dos tramos expresados en quilómetros con dous decimais redondeados á decena.

Para expresar os datos mencionados nos dous apartados anteriores, cumprimentarase a táboa que se adxunta no anexo (IV).



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Dando por certo que non todas as situacións quedan recollidas no contido deste artigo, aquelas que se presenten serán propostas á consideración da Vogalía de Sendeiros da FGM.

- g) Natureza e titularidade dos terreos polos que discorre, cos permisos correspondentes. Deberán aparecer por escrito as autorizacións e permisos de paso, así como as autorizacións de execución de obra e actuación no terreo, concedidos polas autoridades ou organismos competentes. Entre esas autorizacións destacan:
- Titularidade pública dos camiños por onde discorre o sendeiro. No caso de que sexan de titularidade pública, certificación municipal de que todos os camiños por onde discorre o sendeiro son de titularidade pública. No caso de que sexa unha estrada de titularidade dunha Deputación, Xunta ou do Estado, haberá que nomear o identificador da vía.
 - Titularidade Privada dos camiños por onde discorre o sendeiro. Se o sendeiro transcorre parcial ou totalmente por camiños de titularidade privada, será necesaria a autorización da personalidade física e/o xurídica propietaria do camiño, onde se exprese claramente que autoriza en todo momento, o libre acceso e sen límite de persoas ao longo do percorrido. Na autorización deberá figurar que non se cobrará ningún tipo de contraprestación económica por realizar o percorrido. Tamén deberá figurar se a autorización de libre acceso é indefinida ou temporal. No caso de ser temporal, perderá a súa homologación no momento que deixe de ser de libre acceso.
 - Xestores Ambientais. Se o sendeiro atravesa parcialmente ou totalmente un Espazo Natural Protexido (ENP), será necesaria a autorización de paso e de sinalización do Xestor do ENP.
 - Confederacións hidrográficas (do Cantábrico, do Douro ou do Miño – Sil) ou Administración Hidráulica de Galicia (Augas de Galicia). Todo sendeiro que discorra por marxes de leitos fluviais e que precise realizar actuacións nas zonas de servidume e de policía de leitos de: rozas, sinalización con pintura, colocación de postes, paneis, pontes, escaleiras, varandas etc., en función do tipo de



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

actuación será necesaria a presentación dunha declaración responsable ou autorización (o que corresponda) do organismo competente.

- Autorización de sinalización por camiños públicos. Será necesaria a autorización da administración propietaria dos camiños públicos (xeralmente Concellos), para poder realizar todas as actuacións de sinalización, sexan en soporte natural ou artificial.
 - Outro tipo de autorizacións que sexan necesarias.
- h) Tempo total estimado. É o que se necesita para realizar o sendeiro, segundo os parámetros de tempos medios, en relación coas distancias e desniveis, recollidos no sistema estandarizado MIDE.
- i) Información sobre servizos ao longo do percorrido, que comprende desde fontes ata lugares de restauración e hospedaxe. Tamén se indicarán accesos e transportes públicos.

3.6. Cartografía

Presentarase o percorrido nun mapa dixital en cor e a escala 1:25.000 en base IGN. Neste plano indicaranse todos os puntos de interese mediante Waypoints, que se sinalaron no apartado anterior. A cartografía irá acompañada por un único arquivo informático cos datos de descarga do GPS en coordenadas UTM, que incluírá o Track da ruta e os Waypoints dos puntos de interese (Ver Anexos II e III).

3.7. Perfil do sendeiro

Tendo en conta os datos de referencia xeográficos, realizarase un perfil do percorrido indicando os puntos de interese máis importantes (de entre os que se inclúan nos puntos 3.5.d) e 3.5.i), e sinalaranse os tramos nos que se facía referencia no apartado 3.5.f) e a de máis importancia no punto 3.5.c). Determinar unha relación de altitude/distancia fixa para o perfil de calquera ruta, pode resultar moi esaxerado ou moi suave en función do tipo de orografía pola que discorra o sendeiro, por tanto, queda a criterio do propio TSF a



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

elección desa relación. Por conseguinte, será obrigatorio indicar en toda publicación: EDS, paneis, folletos, topoguía etc., a relación altitude/distancia utilizada xunto ao perfil ou perfís do percorrido. (1/4, 1/6,... etc.)

3.8. Fases de execución

Detallarse o calendario previsto para a execución das distintas fases do proxecto.

3.9. Publicacións

Presentarase obrigatoriamente un modelo de folleto (para SL[®]-G e PR[®]-G) ou topoguía (para GR[®]) que servirá de soporte para dar a coñecer o percorrido. A topoguía deberá cingirse ao establecido no artigo 7 do “Manual de Sendeiros” da FEDME ou outros que sexan desenvolvidos posteriormente.

3.10. Mantemento

A responsabilidade do mantemento do sendeiro corresponde á Entidade Promotora do mesmo. No proxecto deberá especificarse o plan bienal para o mantemento, e a persoa responsable que leve a cabo o mencionado plan. A FGM velará polo cumprimento do mantemento por parte do Entidade Promotora, mediante a “Inspección Técnica de Sendeiros” (ou ITS). A Entidade Promotora comprométese a corrixir as deficiencias que se destaquen no informe da ITS, atender as observacións fundadas que lle presente a FGM a través do seu Comité Técnico de Sendeiros, reservar nos seus orzamentos unha partida que cubra os anteriores compromisos e a renovar este compromiso ao final de seis anos.

3.11. Firmas

O proxecto EDS estará asinado obrigatoriamente por un/a TSF, por unha persoa representante da Entidade Promotora e, no seu caso, por unha persoa representante da Entidade Realizadora.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Art. 4.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Elaboración, supervisión e firma.

Os Proxectos de Sendeiros EDS deberán ser elaborados por TSF e que cumpran co artigo 19 desta normativa ou por clubs asociados á Federación Galega de Montañismo con máis de 3 anos de antigüidade. Correrá sempre a cargo dun/a TSF de Galicia, a supervisión e firma do Proxecto, condicións imprescindibles para a súa presentación ante a FGM. Os/as TSF de Galicia que elaboren, supervisen ou asinen proxectos que se presenten ante a FGM, deberán coñecer, ademais da normativa de ámbito estatal, a normativa galega, a europea (para o caso de sendeiros internacionais) e a portuguesa (para o caso de realizar algún sendeiro con ligazón internacional).

Art. 5.- O Proxecto de Sendeiro (EDS). Normas e criterios que se terán en conta no seu estudo.

5.1. Trazado do percorrido

a) Tratar de recuperar as antigas vías de comunicación, aínda que na actualidade atópanse en desuso ou pechadas.

b) Non existirá lonxitude mínima dun sendeiro, pero non se admitirán trazados coincidentes en máis dun 25% do percorrido con outros sendeiros homologados.

c) Debido á realidade actual da nosa Comunidade Autónoma, na que cada vez aumenta a cantidade de conglomerados asfálticos e pistas forestais, deberase evitar no posible os “tramos de asfalto/cemento” e “Pistas Forestais” definidas no apartado 3.5.f. Para iso estableceranse unha serie de limitacións.

As distancias máximas en vías de asfalto/cemento serán as seguintes:

1. Sendeiros SL[®]-G e PR[®]-G: Rexeitaranse proxectos nos que se supere un 10% de “tramos de asfalto”, ou nos que calquera deses tramos sexa superior a 750 metros lineais continuados, independentemente da porcentaxe que supoñan



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

dentro do percorrido total. Esta restrición non só afecta a estradas ou camiños municipais asfaltados senón tamén a tramos con beirarrúas, paseos marítimos ou fluviais lousados, asfaltados ou cementados.

2. Sendeiros GR[®]: Rexeitaranse proxectos nos que se supere un 15% de “tramos de asfalto”, ou nos que calquera deses tramos sexa superior a 1200 metros lineais continuados, independentemente da porcentaxe que supoñan dentro do percorrido total. Esta restrición non só afecta a estradas ou camiños municipais asfaltados senón tamén a tramos con beirarrúas paseos marítimos ou fluviais lousados, asfaltados ou cementados.

As distancias máximas en Pistas Agrícolas ou Forestais serán as seguintes:

1. Sendeiros SL[®]-G e PR[®]-G: Respecto ao trazado do itinerario por pistas de uso agrícola ou forestal, limítase o seu cómputo a un 30% da lonxitude total do sendeiro, podendo ser o seu curso continuo ou discontinuo. No caso de que non se chegue á cifra do 10% en tramos de asfalto, poderase engadir a diferenza en Pistas Agrícolas ou Forestais. P. ex., se un sendeiro posúe un 6% de asfalto, o 4% restante poderase engadir ao máximo de Pistas Forestais, é dicir, un 34%. No caso de que non exista asfalto, o máximo acumulado de pistas forestais será dun 40%.
2. Sendeiros GR[®]: Respecto ao trazado do itinerario por pistas de uso agrícola ou forestal, limítase o seu cómputo a un 35% da lonxitude total do sendeiro, podendo ser o seu curso continuo ou discontinuo. No caso de que non se chegue á cifra do 15% en tramos de asfalto, poderase engadir a diferenza en Pistas Agrícolas ou Forestais. No caso de que non exista asfalto, o máximo acumulado de pistas forestais será dun 50%.
3. En calquera tipo de sendeiro homologado que discorra totalmente dentro Parques Nacionais ou Parques Naturais, o máximo acumulado de pistas forestais será dun 50%.

En caso de dúbidas deberase consultar á Vogalía de Sendeiros.

d) Só será admisible unha excepción ao apartado 5.1.c) e non computarán dentro dese 10% de “tramos de asfalto”, os camiños pavimentados con superficies asfálticas ou



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

cementados, cando o trazado do sendeiro discorra por aldeas, barrios e lugares con núcleos de poboación con vivendas agrupadas e non dispersas.

Para establecer cales son os límites dos camiños pavimentados en núcleos de poboación, utilizarase o seguinte modelo e por esta orde:

1. Superficie que engloba a capa “Información Xeográfica de Referencia Temática” (Ocupación do chan Corine e Siose - Usos de Chan Existente - Uso Residencial) do Visor Cartográfico do IBERPIX.
2. Superficie que engloba a capa “Información Xeográfica de Referencia Temática” (Catastro - Límites) do Visor Cartográfico do IBERPIX. Esta capa só se utilizaría se a primeira opción non limitase a zona.

Todo o asfalto/cemento por onde discorra o sendeiro, que estea incluído dentro do límite da superficie da capa non computará nese 10%.

Estas normas buscan preservar a esencia do recolleito no artigo 5.2 nos seus apartados a, b e c, polo que se recomenda facer un uso racional desta excepción, na que se permite a utilización de determinados camiños asfaltados ou cementados para integralos no proxecto dun sendeiro.

En todo caso, a Vogalía de Sendeiros da Federación Galega de Montañismo, en uso das súas atribucións, poderá considerar como tramo asfáltico, cando se faga un uso inadecuado deste apartado. En caso de dúbidas deberase consultar á Vogalía de Sendeiros.

e) Os sendeiros non poderán transcorrer en paralelo a unha estrada se a velocidade autorizada para a circulación motorizada pola mesma é superior a 50 km/h, se esta non ten beirarrúas ou pasos debidamente habilitados e sinalizados para persoas.

f) Evitar zonas perigosas ou de risco.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

g) Evitar o paso por “zonas fráxiles” (zonas de nidificación de aves e cría doutros animais aos que lles poida influír a presenza de persoas; zonas onde existan especies animais ou vexetais en risco de desaparición ou alteración etc.)

h) Procurar que vaia dirixido á poboación en xeral, polo que deben evitarse grandes desniveis, pasos difíciles, ou grandes distancias entre puntos habitados. Como norma xeral, a pendente máxima permitida en calquera punto do trazado será do 20%. Poderá permitirse pendentes maiores en pequenos tramos, pero será obrigatoria a construción de pasos e chanzos, salvo que sexan catalogados como “Sendeiros de Montaña”.

i) Por razóns de seguridade, cando no percorrido proposto no EDS atópanse vestixios tales como: paneis informativos, postes con frechas direccionais, postes baixos, sinais etc., que indiquen a existencia dunha ruta sinalizada coas marcas da FEDME, non homologada; aqueles que non poidan ser recuperados adaptándoos á normativa vixente, deberán ser retirados ou eliminados do percorrido.

Para iso, farase constar no EDS esta circunstancia e comunicarse á Entidade Promotora que deberán ser retirados aqueles elementos que poidan conducir a confusión ou equívocos.

Esta norma é aplicable para itinerarios de sendeiros novos ou nos que se solicita a rehomologación.

5.2. Interese do percorrido

O seu interese principal será turístico e de natureza, polo que non debe ser unicamente un interese deportivo. Deberanse buscar:

- a) Camiños vellos, con historia etc.
- b) Aspectos artísticos, arqueolóxicos, etnográficos, naturais etc.
- c) Posibilidade de contactar coas xentes do lugar.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

d) Apoio ao desenvolvemento sostible da zona.

e) Outros aspectos.

5.3. Coordinación de iniciativas

Evitarase presentar proxectos particulares naqueles casos nos que se poida saber ou intuír que nun futuro próximo haberá un proxecto máis amplo na mesma zona. No caso de levarse a cabo a idea, teranse en conta futuras actuacións, tentando que se integren os proxectos e evitando a coincidencia nos trazados.

5.4. Circunscrición dos proxectos

O ámbito dos proxectos poderá ser:

a) A asociación ou mancomunidade de varios Concellos.

b) Un val.

c) Unha comarca.

d) Un Concello.

As fronteiras xurisdicionais non teñen por que ser o límite dos sendeiros, pero se estes superan un límite municipal, deberá ser co consentimento e os debidos permisos correspondentes, e tendo en conta os posibles plans de elaboración de redes de sendeiros doutro municipio.

Art. 6.- Procedemento de Homologación ou Rehomologación de Sendeiros.

Os pasos para seguir para conceder a Homologación dun sendeiro son:



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

6.1. A Entidade Promotora, a través do TSF, solicitará por escrito o inicio do trámite da Homologación do Sendeiro, ben sexa de nova creación, de ampliación, de modificación dun existente ou ben de rehomologación. Fará constar todos os datos da entidade e un teléfono ou medio de contacto da persoa encargada. Poderá facelo nos impresos normalizados que serán facilitados pola FGM.

6.2. A Entidade Promotora a través do TSF, deberá remitir á FGM, xunto cos documentos anteriores, un exemplar do Estudo de Definición do Sendeiro (EDS) nun arquivo PDF, que cumpra os puntos 3, 4 e 5.

6.3. A Vogalía de Sendeiros da FGM, poderá solicitar a presenza do TSF que asinou o EDS para demandar explicacións ou aclarar dúbidas sobre o proxecto. Se é admitido o EDS como válido, a FGM enviará os formularios correspondentes coas tarifas ou taxas vixentes de homologación da ruta e os custos anticipados correspondentes a, 1 ITS de homologación e 3 revisións tipo ITS (Inspección Técnica do Sendeiro), recollidas no capítulo 2 desta normativa.

6.4. Tras o pago das taxas pola Entidade Promotora, a Vogalía de Sendeiros terá un prazo non superior a un mes para:

a) Emitir unha autorización provisional, que permita realizar a sinalización da ruta cos sinais rexistrados, cunha asignación, tamén provisional, dun número para identificar o sendeiro. Esta comunicación será enviada ao TSF que asinou o EDS, que será responsable mancomunado xunto coa Entidade Promotora da execución correcta da sinalización da ruta.

b) A FGM de oficio, ou mediante solicitude motivada no EDS por parte do TSF, poderá establecer que o sendeiro obteña a matrícula de sendeiro internacional, ou incluírle unha das etiquetas dos sendeiros que figuran no Manual de Sendeiros FGM.

6.5. A Entidade Promotora terá un prazo máximo dun ano desde a asignación do número provisional, para realizar a sinalización completa, o acondicionamento do percorrido e



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

remitir á FGM (a través do TSF e co seu visto e praxe), a comunicación da finalización da sinalización.

Poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido para a sinalización, que non excederá da metade do mesmo, se as circunstancias aconséllano e con isto non se prexudiquen dereitos dun terceiro.

Esta ampliación deberá solicitarse por escrito e de forma xustificada á FGM, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. A FGM informará o promotor, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da solicitude da ampliación, da concesión ou denegación da devandita ampliación.

Extraordinariamente poderanse conceder ampliacións por prazos maiores ou cando sexan solicitadas fóra do prazo establecido de dous meses, sempre que a Vogalía de sendeiros emita un informe técnico no que considere que existe causa xustificada excepcional ou de forza maior que así o aconsellen.

Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de reclamación á FGM.

6.6. A Vogalía de Sendeiros designará, respectando escrupulosamente o artigo 22 desta normativa, a un Xuíz/a Homologador/a de Sendeiros (XHS). Este/a XHS ten a obrigaón de realizar unha revisión completa do percorrido, comprobando que se axuste ao proxecto entregado, realizando fotografías, tomando referencias xeográficas con GPS, e valorando o estado de sinalización e acondicionamento. Na revisión poderá participar como observador o TSF que asinou o EDS (sen custos para a FGM), se así o considera o XHS que realice a inspección. Tras esta inspección, realizará un informe que enviará á Vogalía de Sendeiros, xunto coas fotografías e datos obtidos (Tracks, Waypoints etc.)/ etc.) na inspección. O informe, as fotografías e todos os datos obtidos enviados á FGM, pasarán a ser propiedade da FGM.

No caso de que non fose favorable o informe, realizarase un documento resumido denominado Informe de Homologación Desfavorable no que será preceptivo unha



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

descripción pormenorizada dos erros. A continuación, a Entidade Promotora deberá pagar os custos da inspección desfavorable e terá un novo período dun mes para liquidar as deficiencias. Se pasado este período non se pagasen as taxas e liquidadas as deficiencias, retirárase o número provisional, e a Entidade Promotora e o TSF asinante do EDS estarán obrigados a retirar do percorrido todas as marcas rexistradas pola FEDME, realizadas tanto en soportes naturais como artificiais.

Se na revisión do percorrido por parte do XHS, compróbase que o EDS presentado non cumpre co esixido no artigo 5.1, será invalidado o EDS. Como consecuencia, retirárase o número provisional, e a Entidade Promotora e o TSF asinante do EDS estarán obrigados a retirar do percorrido as marcas rexistradas pola FEDME, realizadas tanto en soportes naturais como artificiais.

6.7. No caso de que o informe fose favorable, quedará homologado o sendeiro. Isto obrigará á FGM a emitir un certificado de homologación que será enviado á Entidade Promotora e ao TSF que asinou o EDS. Así mesmo, obrigará á FGM a publicalo en todas as guías que se emitan a partir dese momento, e a dar coñecemento á FEDME. A Entidade Promotora queda obrigada ao mantemento que se establece no apartado 3.11.

6.8. Procedemento para solicitar unha modificación dun sendeiro xa homologado, para adaptalo a un sendeiro europeo ou para incorporarlle unha das etiquetas:

- 1) Ademais do estipulado no Art. 6.1, deberase abonar a taxa da ITS.
- 2) Sendeiros Europeos. Adaptárase a divulgación dos sendeiros (Topoguía/Folletos), os paneis de inicio e fin do sendeiro e as frechas direccionais ao Manual de Sendeiros FGM 2023, incluída a sinalización concernente ás antigas derivacións (no caso de que as houbese).
- 3) Sendeiros con Etiqueta (Interese Histórico-artístico, Interese Natural, Interese Xeolóxico, Sendeiro de Montaña ou Sendeiro apto para cadeira Joëlette). Adaptárase a divulgación dos sendeiros (Topoguía/Folletos), os paneis de inicio e fin do sendeiro



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

ao Manual de Sendeiros FGM 2023, incluída a sinalización concernente ás antigas derivacións (no caso de que as houbese).

4) Realizar un correcto mantemento do sendeiro.

6.9. REHOMOLOGACIÓN. Unha ruta oficialmente deshomologada poderá solicitar a súa nova homologación cumprindo absolutamente todos os trámites como unha nova ruta. Ademais, poderá recuperar tanto o nome do sendeiro como o seu número de matrícula que tiñan antes da súa deshomologación, se o seu percorrido coincide no seu maior parte co anterior.

6.10. Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (RIDEGA).

O Decreto 52/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia ten por obxecto a creación e a regulación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia. Nel poderanse inscribir as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de titularidade pública como de titularidade privada. Teñen esta consideración aqueles nos que se desenvolven actividades deportivas e que se adaptan ás características do medio, natural ou urbano. O tipo rexistro no que se incluíría un sendeiro homologado, sería no rexistro de Espazos Deportivos non Convencionais. Algo moi interesante para as Entidades Promotoras, é que existen subvencións públicas para o mantemento desas instalacións deportivas.

Capítulo 2

DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE SENDEIROS (ITS)

Art. 7.- A Federación Galega de Montañismo como ente supervisor, para garantir a calidade das rutas e manter unha imaxe ante a sociedade que demanda estes produtos, velará para que as Entidades Promotoras cumpran coa súa obrigaón de manter os sendeiros en



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

perfectas condicións. Así, cada dous (2) anos desde a Homologación dunha ruta, a FGM comprométese a realizar unha revisión denominada “Inspección Técnica de Sendeiros” (ITS).

Art. 8.- Inspección Técnica de Sendeiros.

A ITS consistirá nun recoñecemento completo do percorrido por un equipo de Xuíces/zas Homologadores/as de Sendeiros (XHS) designados pola FGM e na emisión dun informe sobre a situación do mesmo. En canto á designación dos XHS cumprirá sempre a limitación sobre incompatibilidades do artigo 22.

Art. 9.- O custo das ITS serán por conta da Entidade Promotora do sendeiro. A FGM comunicará en tempo e forma as taxas para pagar pola Entidade Promotora previas á concesión da matrícula provisional. As taxas da ITS previa e das tres (3) primeiras ITS bienais serán pagadas pola Entidade Promotora xunto coas taxas de Homologación, cubrindo un período de tres bienios. Pasados os seis (6) anos, serán abonadas anticipadamente as taxas de tres seguintes ITS, cubrindo outro período de tres bienios, e así sucesivamente no futuro. O Entidade Promotora recibirá sempre unha comunicación por parte da FGM para que realice o pago no lugar e forma que se determine.

9.1. A Entidade Promotora deberá contestar a esa comunicación e pagar as taxas no prazo improrrogable de 3 meses.

9.2. A Entidade Promotora que incumpra o prazo, non satisfaga as taxas bienais posteriores ou non dea contestación aos requirimentos da FGM, recibirá unha comunicación onde só será recolleito como “motivo de inicio de proceso de deshomologación a falta da necesaria dilixencia da Entidade Promotora”. Inmediatamente, tras a comunicación á Entidade Promotora mediante unha notificación que dea fe desta circunstancia, abrirase o prazo de audiencia improrrogable de 1 mes para que a Entidade Promotora poida responder ante a FGM, seguindo a continuación a



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

regulamentación recollida no artigo 13. Finalizado o prazo e se non existe resposta positiva por parte da Entidade Promotora, remitirase o correspondente Certificado de Deshomologación do Sendeiro, quedando obrigada a Entidade Promotora á retirada de toda a sinalización FEDME existente tanto en soportes naturais como artificiais.

Art. 10.- O resultado da ITS será recolleito nun informe no que se indicará se o resultado da inspección foi favorable, con advertencias ou negativo.

Art. 11.- No caso de que a ITS sexa favorable, a FGM expedirá un Certificado Favorable de Homologación que será remitido á Entidade Promotora por medios electrónicos ou Sede electrónica (no caso de Administración Pública). Esa situación tamén será comunicada a Turismo de Galicia para a súa continuidade na publicación “Sendas para descubrir un país”, e manterase no rexistro de sendeiros homologados da FGM e nas RRSS e web oficial da FGM.

Art. 12.- Se na ITS fosen apreciadas deficiencias emendables, a FGM remitirá un Informe con advertencias para que a Entidade Promotora, no prazo máximo de 3 meses, corrixa as deficiencias. Unha vez solucionadas as advertencias, a Entidade Promotora solicitará, mediante un novo pago das taxas correspondentes se procedese, outra visita de inspección. O resultado do novo informe poderá ser favorable, con advertencias ou negativo.

12.1. A realización de 3 informes consecutivos con advertencias, equivale a considerar que o sendeiro será deshomologado por desidia da Entidade Promotora, sen que teñan que concorrer os prazos de audiencia recollidos no artigo 13.

12.2. Se tras o vencemento de 3 meses de calquera dos informes con advertencias, a Entidade Promotora non realizase actuación algunha, o sendeiro será deshomologado, sen que teñan que concorrer os prazos de audiencia recollidos no artigo 13.



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



**DEPORTE
GALEGO**

12.3. A situación dunha ruta con deficiencias emendables ou deshomologada será comunicada ao público mediante as diversas publicacións dependentes da FGM, na páxina Web oficial da FGM e á FEDME se fose un GR® ou un Sendeiro Internacional.

Art. 13.- Se durante a ITS a ruta presentase unhas Deficiencias de Carácter Negativo, será iniciado o proceso de deshomologación. Dada a gravidade desta actuación, este proceso será comunicado á Entidade Promotora mediante notificación electrónica, indubidable e que dea fe desta circunstancia, abríndose un prazo de audiencia improrrogable de 1 mes para que a Entidade Promotora poida responder ante a FGM. Este artigo será de aplicación para as Entidades Promotoras que se atopen nas circunstancias mencionadas no artigo 9.2.

13.1. A Entidade Promotora deberá presentar antes de 2 meses un Informe Oficial asinado por un TSF, que acredite a situación inicial, os problemas graves existentes, os medios de corrección dos mesmos, os elementos para realizar as actuacións pertinentes, e o prazo de execución das medidas necesarias.

13.2. A Entidade Promotora terá 6 meses de prazo máximo desde a primeira comunicación para solicitar unha nova ITS, que deberá ser favorable na primeira visita. En caso contrario ou se se excedese o prazo de 6 meses, a ruta será deshomologada inmediatamente.

13.3. A situación dunha ruta con deficiencias de carácter negativo ou deshomologada será comunicada ao público mediante as diversas publicacións dependentes da FGM e na páxina Web oficial da FGM e á FEDME se fose un GR® ou un Sendeiro Internacional.

Art. 14.- Se unha ruta é deshomologada, a Entidade Promotora deberá retirar toda a sinalización horizontal e vertical realizada en soportes naturais e artificiais referentes á ruta e que utilicen as marcas rexistradas pola FEDME e FGM, así como calquera medio público de información da ruta (folletos, guías, páxinas Web etc.). Esa situación tamén será comunicada



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
G36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal - fedgalmon.gal



**DEPORTE
GALEGO**

a Turismo de Galicia para a actualización da publicación “Sendas para descubrir un país” e eliminarse do rexistro de sendeiros homologados e da web da FGM.

